



Asemblea Xeral e da Comisión Delegada da federación e por outra o artigo 35.3 que dispón que a Asemblea Xeral elixirá entre os seus membros a Comisión Delegada. Deste corpo legal extraemos unha única esixencia sobre este particular: os membros da Comisión Delegada deben ser elixidos por e entre os membros da Asemblea Xeral, sen que se faga ningunha mención respecto a unha votación diferenciada por estamentos.

En segundo lugar debemos analizar a Orde do 3 de abril de 2006, pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, cuxo artigo 12 recolle unicamente que a comisión delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre igual directo e secreto entre os seus membros ademais de especificar que o procedemento para a súa elección será fixado polo regulamento electoral da federación. Resulta claro que da literalidade de tal artigo non podemos deducir a necesidade de que os membros da comisión en representación de cada estamento sexan elixidos exclusivamente por cada un dos estamentos nen sequera do feito alegado polos recorrentes de que para a Asemblea Xeral así sexa. Precisamente ao establecerse que os membros da Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os compoñentes de cada estamento e non recollese nada en relación á Comisión Delegada podemos chegar á conclusión contraria, é dicir, que tal limitación non é obrigatoria con respecto á Comisión delegada, remitiéndose a súa regulación ao correspondente regulamento electoral.

É así que finalmente no Regulamento electoral da federación tampouco atopamos ningunha norma que poida resultar infrinxida polo feito dunha votación de todos os membros da asemblea e non só do estamento correspondente, pois o punto b) do artigo 25 da devandita norma que establece "faranse 4 votacións diferenciadas para elixir en cada unha delas aos representantes dos diferentes estamentos" non permite soste tal opción alegada polos recorrentes ao non especificar quen votará en cada unha das diferentes votacións.

De acordo co exposto e toda vez que non se aprecia ningunha infracción na votación para os membros da Comisión Delegada polo estamento de clubs efectuada pola FGTM, procede desestimar os recursos presentados e confirmar integramente a resolución impugnada.